

Nace en Arbo a
Asociación Río
Miño Natureza
Ignacio Gago



Páxina IX

"Esencias e
Sabores" do
Condado-
Paradanta en
FITUR 2024



Páxina X

Instalacións de
aeroterminia en
locais
municipais
das Neves



Páxina X

Reparación polas
inundacións en
Fillaboa e
Leirado en
Salvaterra



Páxina XI

O BNG da Guarda
denuncia a
"inacción" do
goberno
municipal



Páxina XIV



Tradición e maxia nos entroidos ourensáns

Páxinas V a VII

Entrevistas. Eleccións 18F.

Alfonso Rueda. Candidato do PP. p.IV

Luis Bará. Nº1 Pontevedra do BNG. p.VIII

Marta Lois. Candidata de SUMAR. p.XV



MESÓN DO MANOLO

Menú diario 12 euros
Fin de semana 16 euros

Carta: Cordeiro, ameixas, angulas,
cocido galego (xoves e domingos)

Hilario Serodio Grande
(xerente)

988 22 14 58 . Rúa Greco, 21 . O Couto . Ourense

Café Maio

988 10 10 63 . Rúa Velázquez, 29. OURENSE

OPINIÓN

Por Roberto Mansilla Blanco

Este 18F, hai cabida para a acción exterior galega?

De cara ás eleccións autonómicas do vindeiro 18 de febreiro (18F), qué propostas de acción exterior para Galicia teñen as respectivas candidaturas dos partidos políticos? Que visión teñen do mundo e do papel que Galicia debería desempeñar ante os cambios que estamos observando no plano internacional?

A Acción Exterior é un espazo pouco apreciado dunha axenda política galega cada vez máis mediatizada en clave estatal. Carece, por tanto, dunha visión que permita deseñar estratexias de inserción no mundo. Esforzos non faltaron. En 2004 o IGADI en colaboración coa Xunta creou o Libro Branco de Acción Exterior de Galicia, unha 'folla de ruta' encaminada a marcar a pauta para ser "nós no Mundo". En 2018 a Xunta de Galicia aprobou a Estratexia de Acción

Exterior que, vista a experiencia posterior, apenas acadou algún tipo de protagonismo.

Se temos que comparar con outras experiencias autonómicas de acción exterior, Galicia queda moi atrás. A diferenza, por exemplo, de Cataluña e Euskadi, ningún dentro do establishment político, empresarial e institucional galego parece apostar polas vantaxes que ten a instrumentalización dunha acción exterior clara e eficiente para que Galicia poida "estar no mundo". A acción exterior non é, por tanto, un activo que "venda" electoralmente.

A clave desta acción exterior non é só concentrar a atención na diáspora galega, o activo máis frecuentemente demandando pero focalizado en termos basicamente asistencialistas e escasamente de cooperación, de creación de lobbies que afirmen esa presenza exterior galega. O mundo está

superando o primeiro cuarto deste século e abórdanse retos ineludibles: a dixitalización, a robótica, a intelixencia artificial coa súa consecuente transformación abrupta do mundo laboral; o cambio climático (esencial para Galicia polo seu entorno natural); as persistencia das desigualdades socioeconómicas; a proliferación de conflitos; o ascenso dos populismos ultras; o cambio sistémico de poder de Occidente a Oriente. E así podemos seguir infinitamente.

"Non se observa que a acción exterior galega sexa unha prioridade para as respectivas candidaturas para presidir a Xunta"

Neste mundo volátil e impredecible onde a xeopolítica e a xeoconomía volven a ser relevantes, ten Galicia unha política definida ante o emerxente peso de China e de Asia? Que posición mantén ante as actuais guerras (Ucraina, Gaza) e as que están por vir? Está capacitada para asumir a inevitable

reconversión pós-post-industrial? A lingua, baza estratéxica da cultura galega, ten expresión e peso en ámbitos naturais como a Lusofonía? Temos unha xeopolítica marítima para os nosos portos? Pode Galicia avanzar en ferramentas "para-diplomáticas" que permitan prover unha cultura de paz, de resolución de conflitos, de cooperación exterior? Temos realmente esa capacidade e vontade política para ser "nós no Mundo"?

Visto o contexto electoral actual non se observa nas respectivas candidaturas para presidir a Xunta nos vindeiros catro anos unha aspiración prioritaria para outorgarlle á acción exterior galega un peso estratéxico dentro dos seus programas electorais. Seguimos, aí, nese 'deserto', nesa 'terra de ningún'. Perdendo oportunidades cando temos os alicerces necesarios para expresarnos no mundo e ter voz nesta transformación histórica que estamos vivindo.



Por Baldomero Iglesias Dobarrio. Mero.

Votacións

Cando suceden os tempos de poñerse á venda xa sabemos que vén despois. Nótase nas caras e nos sorrisos finxidos, nas promesas que nunca cumpriron e -agora- nunha interpretación fabulosa pretenden facernos crer aquilo que soñamos. O certo é que o mundo está cego e cegado. Só con mirar quen nos goberna no lonxe xeográfico e as ansias de desfeita que teñen, para saber como somos os que os poñemos aí, na cima do poleiro. Eu non quero mirar moi lonxe, non. Non quero imaxinar Mileis na proximidade, nin Trumps, nin toda esa golfería que foron quen de convencer á maioría tola que os votou, quizais desesperados e desbotados da sociedade, na beira mesma do precipicio. Non, non quero imaxinar a pobreza des que votaron a aquela xente, sen ver, sen darse conta do terrible risco. Nós, todos, xa temos de abondo coa terrible desfeita do Planeta, xa nos comen

os lixos e os inventos que inventamos, chamémoslles combustibles fósiles, plásticos ou calquera variable da nosa inconsciencia. Abusamos e explotamos no medio da nosa desconsideración, da falta de respecto e de xustiza social, quizais comprensión e consideración. Non somos quen de comprender aos inmigrantes despois de sermos nós un pobo emigrante. Non aprendemos as leccións que a historia próxima nos dá. Unha e outra vez caemos na tentación de crernos por riba dos demais, no dereito de mirar para non ver, de facernos os xordos.

Pero volvendo ao rego das votacións, nós sabemos que isto de votar non é unha broma. Que nos xogamos moito ou nada, que quizais as cousas sigan a ser como eran, aínda que cambien os elementos que nos representen. Por iso as cousas van como van, aquí e alá no lonxe do lonxe. Xa se ve, levamos anos

votando e a broma é ter que padecer aos nosos representantes que non nos representan, tan desatinados e falsos nos seus actos, na súa xestión funesta. Nada fai pensar que anque cambien, as consecuencias sexan favorables e distintas, pero temos a ilusión de que si, que cambien dalgún xeito. As promesas deberan ser poucas e claras, sen ocos para a trampa, factibles. Porque algúns prometeron xa a execución de sentenzas que se deron sen xuízo racional nin previo. Déronse e punto, sen advertir, sen consultar. Xa eles saben que facer! Outros foron máis comedidos, tiveron a ben non correr riscos. O certo é que é mellor que gañen aqueles que non tiveron responsabilidade algunha, porque os que a tiveron non fixeron os deberes como deberan: todo está á vista. O mellor é que gañen aqueles que parecen poderán facer algo e cambiar un pouco este gris destino, esta escura sombra chea de lixos que tanto leva enriba de nós. Quixeramos saber quen serían aqueles menos malos, os mellores, quizais os que máis poidan cumprir os

nosos desexos dunha Galiza nova e máis nosa, en propiedade. Pero, claro, andan por aí os medios de comunicación complicando a cousa, calando, dicindo mentiras, albergando dúbidas, poñendo atrancos. Tamén locen as súas mellores galas en foros cheos de coristas que se aloufan proclamas, solucións que nunca solucionaron nada. Non deixa de ser un problema votar, saber, distinguir. Eu téño o claro porque sei quen son aquela xente que mellor pode defender os nosos intereses. Non hai outros, mirade ben. Case sempre perden porque compiten contra xigantes e sobrados que logo non fan nada. Pero creo neles e chegará o día en que poderán demostrarme que a esperanza teimuda, aínda que pesada e dura, pagou a pena e nos permitirá ser nós, nesa pureza orixinal da terra que nos mira, nese don de crernos donos do noso destino.



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.

T.658 58 50 49

guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.

Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD

(36860 PONTEAREAS - GALIZA) - T. 658 58 50 49

redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.

Publicidade: Departamento propio e axencias

publicidade@novasdoeixoatlantico.com

Fotografía: Departamento propio

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Redactor Xefe: Roberto Mansilla Blanco.

Colaboradores:

GALIZA: Montserrat Rodríguez – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome – M. Xiraldez – Pérez Lema – X. Glez. Mtnz. – B. Iglesias (Mero) – Nemesio Barxa – Andrea Goro – Anxo Mena – I. Otero Varela – Susi Rodríguez – Jesús Témez Fernández – Isidoro Gracia – Rafael José Adalid – Laura de Cáceres – Kiko Neves – Ramón Mariño.

PAIS BASCO: Nicolás Xamardo. **CANARIAS:** Fco. Puñal.

Fotografía: Dpto. Propio.

Humor: Tokio, Martirena – Pepe Carreiro – Francisco Puñal – Felix Ronda – Fuco Prado – Sex.

Depósito legal: VG-138-2015



Caderno da viaxe

Por Xoán Antón Pérez-Lema

Eleccións galegas: moito partido por diante

Certo é que a única enquisa válida é a do día das eleccións. Tamén é certo que, ás portas das eleccións nacionais galegas deste 2024, os inquéritos todos coinciden nunha leve ou moderada baixa do PP, a tendencia á alza (quer máis forte na maioría, quer máis morna noutras) do BNG, e a estabilidade relativa do PSdeG.

Mais a enquisa do CIS, que desenvolveu máis medios e máis inquéritos (11.011) proxecta uns resultados só un chisco diferentes, porque en realidade as súas conclusións son ben compatíbeis cos de calquera outra enquisa na que ao BNG, ao PSdeG e máis ao PP lles movamos de menos ou máis 2,5 puntos porcentuais, porcentaxe ben máis baixa ca todas e cada unha das marxes de erro reflectidas para cada opción electoral en todas e



cada unha das enquisas coñecidas desde Rueda convocou.

O CIS prognostica a probabilidade real de que o PP non acade a maioría absoluta (43,2% de votos con 37 sobre 75 escanos)

e de que Ana Pontón (29,3% e 22/75 escanos) sexa Presidente da Xunta canda o PSdeG (20, 4% e 16/75 escanos). Mais non deixa de ser unha fotografía estática dun proceso continuo. E non deixa ter un certo nesgo, como todas. Xa que logo cómpre analisala, como a todas, con certo distanciamento. Non esquezamos a elevada cantidade de persoas votantes indecisas (entre un 30 % e un terzo segundo as diversas enquisas) .

Mais o inquérito da axencia estatal de pescudas sociolóxicas reflicte outros datos de moito interese que poden orientar por onde pode ir o proceso de decisión electoral da ampla marxe de persoas indecisas. Velaí a altísima valoración e coñecemento de Pontón (5,77), compatíbel cun moito menor grao de coñecemento de Besteiro, que tamén tende claramente ao aprobado. E tamén a nidia hexemonía do BNG no electorado menor de 45 anos, a súa altísima competitividade no electorado entre 45 e 64 anos e a súa digna representación na marxe entre 65 e 74 anos. Tamén a súa vantaxe nos segmentos con

estudos universitarios e secundarios rematados.

O BNG semella ser transversal en grande parte do eixo esquerdas-dereitas, superando ao PSdeG na escolla dos electores en case todo ese eixo e a todos os partidos dende o centro-esquerda á extrema esquerda, nun corpo electoral que ten a súa media aritmética entre o centro-centro e o centro-esquerda máis moderado. Polo BNG votarían o 23% dos votantes do PSdeG e o 50% de Galicia en Común de 2020 e mesmo máis do 5% dos que votaron polo PP daquela, é dicir máis de 30.000 persoas.

Velaí, pois, un escenario onde lles hai e lles haberá moito partido. Un escenario aberto no que a probabilidade dunha substancial remuda na Xunta semella ser cada vez máis real. Todo dependerá, en último de contas da capacidade de mobilización e concentración do voto do BNG e do PSdeG.



Por Nemésio Barxa.

Suspeita

Mentras milheiros e persoas ategavam as ruas de Compostela o domingo 04.02., protestando contra a desfeita da Sanidade Pública, outros milheiros de persoas arroupavam ao PP, causante da desfeita, no seu meeting electoral na Praza de Touros de Pontevedra o sábado 03.02. E mentras a Xunta Eleitoral reprimía reiteradamente ao PP e seu Presidente Rueda por infringir as normas eleitorais a mesma Xunta Eleitoral tomava una decisión que, a meu xuízo, rompe a exigida neutralidade.

A Xunta Eleitoral (máxima autoridade, de necesaria imparcialidade) determinou as normas para celebrar o Debate electoral televisivo na TVG. Entre outras normas estableceu a de aqueles candidatos autorizados a intervir no debate televisado. Os intervinientes serán o PP pola dereita e BNG, PSE_PSDG, Sumar e Podemos pola esquerda.

Eleición moito sospeitosa, posto que de admitir ao debate partidos extraparlamentares (Sumar e Podemos) debería igualmente admitir pola dereita a partidos tamén extraparlamentares (DO e Vox), con una agravante, os partidos extraparlamentares da dereita já intervirem noutros comicios ou tenhem implantación importante em Ourense, mentras que os da esquerda são novidade no panorama político galego, como tais partidos. Tal distribución entendemos que não é inocente, pois frente ao televidente favorece notoriamente á dereita e incluso o Sr. Tellado (PP) numa entrevista de dias passados na TVE, sobre os comicios galegos, empregava o argumento de que frente a uma direita monolítica e forte do PP apresentava-se uma esquerda dividida e atomizada. Aquí fica a mensagem subliminal para o eleitor, especialmente televidente, e a vantagem

para a posta em escena do PP. O Sr. Rueda não terá na sua parcela da direita companheiros que podam contradizer ou discutir sua mensagem e incluso oferecerá a imagem do único Salvador, mentras que na esquerda, alem da aparência visual de dispersão, o BNG e PSDG podem atopar enfrontamentos com Sumar e Podemos (ambos sem possibilidades de entrar no Parlamento), em questões programáticas que desorientem ao eleitor.

No debate proposto pola TVE os únicos intervinientes serán PP, BNG e PSDG. A este debate já anunciou o Sr. Rueda que não assistirá, provavelmente porque será mais concreto, longe do barulho que no da TVG pode levar o desespero de Sumar e Podemos, tontos úteis ao serviço da direita neste ato. Escrevo este artigo dias antes do debate porque intuo que a eleição feita pola Xunta Eleitoral não foi inocente e porque os dous partidos extraparlamentares (e desconhezidos na Galiza), dada sua

irrelevância, terão que ir a por todas na sua intervenção, mentras que a direita, única, só discutirá com uma esquerda varia..

Espero que saibamos librarnos de esta armadilha e votar polo cambio dos políticos que não cambiam de modos nem dependências. Para Feijoo e seu segundo Rueda o único que importa é Galiza, segundo pregoam, mas na realidade o importante para eles são os milhões entregados a EULEM, a empresa da irmã do Sr. Feijoo, ou suas relações com narcos ou a privatização da Sanidade e Educação Públicas, ou o de Barreras e a empresa mexicana PEMEX de seu amigo que rematou preso, ou a desfeita das Caixas de Aforros, ou o abandono do campo, etc. Se perdemos o convoie dificilmente poderemos reagir.

Quinta do Limoeiro, fevereiro do 2.024



Servicio integral a la construcción

DERIVADOS DEL CEMENTO

COVELO

986 644 036

www.covelo.cc

grupoluco@covelo.cc

CHAMBO LIBRIS

ASOCIACIÓN SOLIDARIA

- FOGAR DO LIBRO USADO
- OBRADOIROS
- RECITAIS
- TERTULIAS
- PRESENTACIÓN DE LIBROS

Rúa Alfonso Vázquez Fraile, 7 PONTEAREAS

ELECTRICIDAD

BOUZA

ALFONSO Y DANIEL, S.L.

ILUMINACIÓN

Instalaciones en general

Reparaciones

Instalación de sonido y telefonía interior

bouza@electricidadbouza.com

Rosalía de Castro, 7

Telf. y fax: 986 641 565

PONTEAREAS

ENTREVISTA

Alfonso Rueda | Candidato do Partido Popular de Galicia (PPdeG)

"Os galegos porán nota a estes anos de xestión do Partido Popular"

Actual presidente da Xunta de Galicia desde que en 2022 o seu antecesor Alberto Núñez Feijóo aceptou liderar o Partido Popular a

nível estatal, Alfonso Rueda afronta a súa primeira cita electoral co obxectivo de garantir a quinta maioría absoluta para o PPdeG.

Por primeira vez ten que enfrontarse ao “touro na praza” e non velo dende o burladero. Con que “manoletinas” pretende Vde. saír a ombros da praza?

Non vexo tanto as eleccións como un enfrontamento senón máis ben como un exame, unha proba. Os galegos porán nota a estes anos de xestión do Partido Popular. E, precisamente, creo que ese balance e as nosas propostas de futuro son as nosas mellores bazas.

Os galegos saben que hoxe pagan menos impostos, pero seguen tendo uns servizos públicos de primeira; que os nenos e nenas de 0-3 anos teñen gratis a súa atención educativa; que temos o calendario de vacinas máis completo do mundo; que mozos e

"As autonomías estamos preocupadas, e con razón, porque o Gobierno central está dinamitando o noso modelo multilateral"

mozas, e agora maiores tamén, viaxan gratis en autobús; que os dependentes teñen máis axudas; ou que os primeiros autónomos que boten a andar o seu negocio terán cota cero. Iso é o que fixemos, e o que queremos seguir facendo os próximos anos, por exemplo, coa gratuidade das matrículas universitaria ou aumentando a vivenda pública.

As Autonomías nestes momentos andan revoltas, sempre polos ingresos. Como vai enfocarlle este tema coa Administración Central?

É que os ingresos son fundamentais: sábeo calquera galego, que ten que saber que diñeiro entra na súa casa para facer as contas. Por exemplo, nós tivemos que deseñar os orzamentos, coma quen di, a cegas, porque o Goberno central non pasaba as súas previsións, ocupado noutros temas.

O que sucede agora é que as autonomías estamos preocupadas, e con razón, porque o Goberno central está dinamitando o noso modelo multilateral para substituílo por reunións bilaterais nas que compromete recursos que son



de todos. Ademais, a solución que pacta, como un traxe á medida, coa comunidade máis endebedada non ten que ser a máis axeitada para unha das menos endebedadas, como é Galicia.

O que reclamaremos será o mesmo que hai anos que reclamamos: unha revisión do sistema de financiamento. É evidente que ao longo dos anos o modelo actual evidenciou algunhas debilidades de deseño e unha falta de suficiencia global. Pero esa revisión debe partir da multilateralidade e a transparencia, non de negociacións a dous bandas e entre bambalinas. Os galegos teñen que ter exactamente os mes-

mos dereitos que os cataláns ou que calquera español. E iso si que é innegociable.

No suposto, pouco probable, de que VOX conseguira un ou dous deputados necesarios para alcanzar a maioría, aceptaría esa coalición?

É que non se vai dar ese suposto, non é un escenario realista. En toda Galicia, Vox só ten un concelleiro. Ademais, nós presentámonos ás eleccións co obxectivo de gañar con maioría absoluta, para seguir gobernando con estabilidade e previsibilidade. Saímos á campaña só con esa meta. Os que van ás eleccións coa calculadora na man son outros.



TEMPOS

CENTRO DE ESTUDOS

- Refuerzo escolar
- Motivación
- Técnicas de estudio
- Preparación de exámenes
- Orientación educativa

Avda. de Galicia, 4 - 1º - PONTEAREAS. Telf: 675 088 316 - info@academiatiempos.es



Café Druida

Especialidade en licor café e combinados

Praza Maior, 8 Ourense



Maria Tapas Bar

PINCHOS Brochetas TOSTAS Raciones Ensaladas Comidas para llevar

Rúa Unión 1 651 853 881



ALPENDRE PULPO

Tapas, revoltos, montados.

Rúa Fornos, 2. Casco Vello OURENSE

Testamento do Meco no Entroido Internacional de Xinzo de Limia

A programa do Entroido de Xinzo presentouse no Museo Galego do Entroido da Limia, que arrincou o 20 de xaneiro con varias novidades e un orzamento de 140.000 euros. “O Entroido é a festa máis representativa de Xinzo”, destacou Amador Díaz, o alcalde, que agradeceu o “traballo encomiable” da comisión e dos compañeiros de Cultura e Festas, así como animou á xente “a que veña a visitarnos nestes días. Que veña a desfrutar do Entroido e do sentimento limiao”, dixo Díaz.

Treinta días de festexos e outros tantos artistas que animarán as rúas da capital antelana onde, “o Entroido é un sentimento”. Unha das principais novidades de 2024 será a recuperación do Sábado de Piñata. “Quixemos recuperar o Xogo da Cucaña e despois, haberá a verbena de Mascaritas e capuchóns, para poder conservar eses traxes que antes eran moi típicos de Xinzo”, trasladaba Adriana Jiménez, quen tamén destacou que este ano haberá unha renovación importante nas charangas, con moitas caras e grupos novos que animarán os días grandes do



Entroido, con ata 16 horas de música ininterrompida nas rúas.

Programación

O entroido de Xinzo de Limia é o único da provincia de Ourense que está declarado de Interese Turístico Nacional. Para este ano, a programación é a seguinte. 20 de xaneiro: 23,00 horas, na Praza Carlos Casares, A Gramola Tour Truck, e ás 00,00 horas, Petardazo. 21 de xaneiro: Domingo Fareleiro ás 17,00 horas na Praza Maior. 27 de xaneiro: Colgamento do Meco. 28 de xaneiro: Domingo Oleiro, ás 12,30 infantil, e pola tarde, Oleiro. 4 de febreiro: Pri-

meiro día de saída das Pantallas no Domingo Corredoiro. 9 de febreiro: Gran desfile infantil polas rúas. 10 e 11 de febrero (sábado e domingo de Entroido) con 16 horas de música ininterrompida ao compás de grupos, charangas e orquestras en diferentes escenarios da vila. 13 de febreiro: desfile do Martes de Entroido ás 17,00 horas. 14 de febreiro: Enterro da Sardiña e lectura do testamento do “meco”. 17 de febreiro: Sábado de Piñata co “Xogo da Cucaña” e verbena de “Mascaritas e Capuchóns”. 18 de febreiro: Domingo de Piñata.

Máis de 150 horas de música en directo no entroido de Verín

O Entroido de Verín 2024 celebra oito días repletos de festa e diversión con máis de 150 horas de música en directo e unha programación concibida para o desfrute de todos os públicos.

Un total de cincuenta actuacións de música itinerante, dez orquestras e cinco disco móbiles marcarán o ritmo do entroido de Verín, que comeza o día 1 co xoves de compadres e termina o 13 de febreiro co martes de entroido. Así o confirmou Samanta Barreira, concelleira de festexos de Verín, quen destacou que este ano conta con dous importantes novidades organizativas que buscan mellorar tanto a seguridade como a experiencia de usuario.

Por un lado, o tradicional pregón do domingo de Corredoiro, xunto coa animación musical, trasladarase á Praza da Alameda. Segundo explicou Gerardo Seoane, o alcalde, esta determinación ten como principal obxectivo mellorar a experiencia

das persoas que acudan a desfrutar do día como dos propios cigarróns, permitindo que desfilen e corran pola Praza sen contratempos”. O pregón correrá a cargo doutro dos ilustres entroideiros, Toño Cesteiro.

Co compromiso de priorizar a seguridade dos asistentes, implementarase un cambio substancial no que aos escenarios das orquestras se refire, utilizado un só espazo por día para todas as agrupacións musicais. “O propósito principal é garantir un acceso efectivo e rápido dos diferentes vehículos de emerxencia, como ambulancias e bombeiros, en caso de calquera eventualidade” sinalou Samanta Barreira.

Nesta edición poténciase a programación infantil axendada para o luns de entroido cunha tarde repleta de talleres temáticos, variados xogos populares e animación musical. Haberá obradoiros de elaboración de máscaras e de capuchóns, destinados aos máis pequenos.



La Abadía

988 220 295
Valle Inclán, 43
Ourense

www.laabadiarestaurantes.es



**CAFÉ BAR
O' PIORNO**

Almorzos. Tapas.
Menú do día.

Avda. de Portugal, 130
Tfno. 988 244 154
OURENSE



Galicia Gourmet

25 años haciendo amigos
Seguimos trabajando para ti...

Almacén y oficinas: Ctra. de Baltar Km 3. Xinzo de Limia
Tenda: Santo Domingo 4, Praza do Ferro. Ourense
648 49 67 56 www.productosdeg Galicia.com



D'AURIA

Ambiente acolledor para comidas e ceas de amigos
Rúa Fornos, 2. Casco Vello. 988 54 16 44. OURENSE

OURENSE

Entroido no Centro, A Pita, Frei Canedo e Seixalbo

O alcalde, Gonzalo P. Jácome, e a concelleira de Artes e festexos, Noa Rouco, acompañados de representantes dos Entroidos das Eiroás, Seixalbo e Frei Canedo, presentaron a programación “da capital da provincia máis entroideira do norte de España”. “Os catro entroidos da cidade: Ourense Centro, A Pita, Frei Canedo e Seixalbo, fan que Ourense sexa unha auténtica potencia”, en palabras do rexedor.

A concelleira, Noa Rouco, expuxo polo miúdo en que consistirá a programación desta edición, que comezará o día 8 de febreiro, Xoves de Comadres ,con charangas a partir das 20.00 h polo Centro

Histórico da cidade e coa actuación do afamado DJ, Michenlo na rúa do Progreso.

Destacou que haberá charangas polas rúas do Centro histórico da cidade, DJ na Praza de Santa Eufemia, Correxidor, Praza Maior e orquestras na rúa do Progreso: Satélites, París de Noia, Função Pública, Olympus e Marbella.

As crianzas terán tamén o seu espazo, con obradoiros de “pintacaras” e concertos na Praza Maior.

Noa Rouco, salientou tamén a Xuntanza dos Entroidos tradicionais, que reunirá o venres, día 9, os entroidos máis representativos da provincia amenizados por charangas e gaiteiros.

Como novidade, o sábado e o luns, haberá sesión de tarde, ás 19.00 e ás 21.00 h, co Trío Somoza e Los coleguitas. O domingo, ás 16.30 sairá o Gran desfile, que rematará coa entrega de premios na rúa do Progreso antes da actuación do artista colombiano Henry Méndez, ás 20.30 h. O martes, a partir das 18.30h , polo Centro histórico, haberá reparto de 12.000 orellas de Entroido. O programa rematará o mércores co Enterro da Sardiña que sairá ás 20.00 h da Praza Maior cara ao Parque de San Lázaro.

A continuación os diferentes entroidos da cidade expuxeron a súa programación destacando a implicación do Concello coa ache-



Frei Canedo.

ga de infraestruturas, charangas e máis orquestras. Para rematar a presentación o alcalde, Gonzalo P. Jácome, fixo unha valoración sobre o aumento de actividades e afluencia de xente ao entroido ourensán nos últimos anos e que xa lle constaba como a ocupación hoteleira para eses días estaba practicamente chea.

Tamén, como anécdota, salientou a implicación das xentes de Ourense que volveron saír á rúa disfrazados de tarde a pasear, o sábado e o luns, como había anos que non se vía.

O alcalde anunciou que este ano o “mini pregón” será o venres día 9 na Praza Maior antes da actuación da orquestra.

Programa Provincial de Entroido para hostalería e oficinas de Turismo

A Deputación de Ourense vén de editar o Programa Provincial do Entroido 2024, unha publicación que será distribuída en locais de hostale-

ría e oficinas de Turismo de toda a provincia.

Cunha tirada de 5.000 exemplares, esta publicación, que a Deputación (a través do Inorde)

vén editando desde 2017, recom-pila máis de 350 actos previstos en máis de 65 localidades de 39 concellos da provincia, a celebrar entre o 1 e o 25 de febreiro.

Moitos deles contan con reco-necementos de interese turístico, como é o caso de Xinzo (Declarado de interese turístico internacional); Verín (Declarado de interese tu-rístico nacional); e Laza, Vilariño de Conso, Manzaneda, Viana do Bolo e Maceda (Declarado de in-terese turístico galego).

No que respecta aos novos

Entroidos, a publicación tamén fai referencia aos de Freás Astariz, cos Peteirás de Freás (Castrelo de Miño); a Botarga de Ribadavia; o Entrudio Tameirón de A Gudiña; e os Danzantes de Pentes Vilameá, en Lobios. Ademais, as mulleres de Éntoma recuperan o seu En-troido Tradicional coas furracas e os zamarreiros.



Chocas en Bande e Muíños, Madamitas en Entrimo e Follateiros en Lobios

O Concello de Bande presenta o ciclo comarcal máis longo, cunha celebración que arrinca con dez horas de roteiro polas aldeas cos troteiros, acompañados por Aíriños do Coto. O domingo 11 na capitalidade municipal se celebrará o cocido troteiro e o desfile de carrozas e comparsas. Seguiránlle o “luns feo”, a “feira entroideira” do martes 13 e, pechando o cartel, o enterro da sardiña do mércores.

En Muíños, os cabreiros percorreren as aldeas o día 10, con motivo do desfile de carrozas e comparsas por Mugueimes organizado polo Concello.

En Entrimo, madamitas e madamitos desfilarán polas rúas da Terrachán na tarde do domingo, 11 de febreiro. A programación de 2024 incluírá, a celebración do “xoves de comadres” o día 8 da man das Mulleres Rurais, a festa infantil de disfraces o sábado 10 e o enterro da sardiña o 14 de febreiro.

En Lobios, Os Follateiros saíran a “correr o Entroido” o domingo 11 e o martes 13 pola mañá, mentres que pola tarde parti-



Follateiros de Lobios.



Madamitas de Entrimo.

parán no desfile organizado polo Concello. Unha celebración na que tamén estarán os danzantes e as máscaras do Entroido de Vi-

lameá, de Riocaldo, onde vivirán o seu día grande o sábado 10 de febreiro. O venres 9, celebrarase o desfile escolar en Lobios.

Fulións en Manzaneda, Vilariño e Viana



Boteiros de Viana e Vilariño e unha mázcara de Manzaneda. As tres citas irán acompañadas de celebracións gastronómicas. Os responsables municipais destacan que seguen coa liña iniciada xa en 2019 “pronunciándonos os tres xuntos e facendo que lestes entroidos sigan sendo enxebres e manténdose o máis tradicionalmente posible”. As celebracións destes concellos van máis aló dos días grandes e a esencia pura pódese vivir achegándose algunha noite ás aldeas do lugar que saen don o fulión, aínda que o seu día grande é o día 13, martes de entroido.

As tres mil entradas para a Festa da Androlla, que se celebra

o domingo 11, xa están case esgotadas. A rexedora de Vilariño expresaba a importancia de ir da man neste entroido da alta montaña, “cambiamos o día da festa do Cabrito para crecer e non desvirtuar a esencia. Fixemos os trámites para ser Ben de Interese Cultural e iso é unha protección que nos ampara. Queremos ser un entroido rural”. O sábado 10 é o seu día grande onde ademais do desfile teñen o seu Festa do Cabrito con cabida para ao redor de 3.500 persoas.

Cecilio Santalices afirmaba que “manteñen valor etnográfico e cultural. É unha satisfacción que sigan mantendo a tradición sen desvirtuala”.



CONDADO/PARADANTA

ENTREVISTA DE MONCHO MARIÑO

Luis Bará | Cabeza de lista do BNG pola provincia de Pontevedra

“Rueda é un candidato sen carisma e que non crea entusiasmo entre a xente nin entre os seus”

Luis Bará é o candidato que abre a lista do BNG na provincia de Pontevedra, a mesma provincia onde o PP leva a Alfonso Rueda de número un. Bará valora como algo negativo para

os 'populares' o feito de Rueda ser o número un do PP na súa provincia debido á falta de carisma e “tórón” do actual presidente 'popular' na súa propia provincia.

Cal é a percepción que ten do ambiente electoral para o BNG en Pontevedra?

Pois a percepción é boa e nunca vin un ambiente tan favorable. A expectativa de crecemento para o BNG é moi grande e moi alta. Cada día que pasa vemos máis apoios e cada día que pasa vemos que se abre con máis claridade que sexa posible un cambio na Xunta. Pontevedra vai ser moi decisiva porque o PP nesta provincia ten unhas expectativas de voto moi baixas e o BNG máis, por tanto podemos darlle a volta á situación no reparto de escaños.

Porén Pontevedra é a provincia de Rueda, non estaría isto xogando a favor do PP?

Non, iso xoga totalmente en contra do PP porque Rueda é un candidato sen carisma e que non crea entusiasmo entre a xente nin entre os seus. En Pontevedra teñen unha intención de voto baixa, nas anteriores eleccións tivo un 42% de votos, moi por debaixo da media galega, hai zonas da provincia onde o PP ten un desgaste tremendo e onde ten resultados moi desastrosos.

Cales son as liñas que poría o BNG nunha mesa de negociación a outras formacións políticas que quixesen formar un goberno alternativo ao do PP co

BNG na presidencia da Xunta?

Nós temos un programa cuns eixos prioritarios que Ana Pontón xa presentou e responden ás demandas sociais en xeral. Estas pasan por unha maior capacidade de decisión para Galicia, cun autogoberno máis forte, que poñamos en marcha a reactivación do país, sobre todo no ámbito económico e na xeración do emprego e o desenvolvemento dos sectores produtivos. Tamén está a potenciación dos servizos públicos con son a sanidade, a educación e todas as políticas sociais e de coidados.

Un dos temas é a fixación de xente no rural dándolles facilidades. Cales son os puntos do BNG para unha solución nesta área?

Está claro que o futuro do rural pasa porque teña riqueza, xere riqueza e emprego. Pensamos na necesidade de dirixir accións para o sector primario como a xeración de novas actividades económicas e de transformación. No sector primario un dos elementos fundamentais é a mobilización da terra. Propoñemos mobilizar 100 mil hectáreas de terra abandonada ou forestada ilegalmente e recuperala para o uso agrario ou actividades con un interese elevado como a gandería, tanto de leite como de carne,

ademais doutras actividades onde somos deficitarios como é en horta, cereal ou froita. Pensamos que o desenvolvemento da cadea de valor da madeira pode crear moita riqueza no rural. O sector enerxético, cunha forte implantación no rural, ten que ser tractor para crear novas actividades e beneficios.

Hai décadas que se fala da reforma do estatuto ou o desenvolvemento do existente. Á parte, está a lei electoral que parece beneficiar máis ás provincias de Lugo e Ourense en detrimento da Coruña e Pontevedra, as máis poboadas. Cales serían as propostas do BNG para a reforma do estatuto e da lei electoral?

Polo lado estatutario nós buscamos desenvolver todas as competencias previstas no actual Estatuto de Autonomía, como son as de materia ferroviaria, enerxética, do litoral ou cultura. Tamén a transferencia de competencias nas infraestruturas e sobre o mar e a costa. Sobre a lei electoral presentamos unha proposta que tiña unha serie de claves. Unha delas é que se tes dezaseis anos pois con esa idade a xente nova pode tomar outro tipo de decisións e por iso nos parecía bo que se puidese votar con dezaseis anos. Tamén pedíamos eliminar o 5%



de votos do total para poder acceder ao Parlamento e tamén unha serie de mecanismos que permitan unha maior transparencia e participación no proceso electoral.

Despois de quince anos con gobernos continuados do PP e logo unha enquisa do CIS falando dunha perda da maioría absoluta dos 'populares' e despois outras que dicían xusto o contrario, como interpreta esta ida e vida nas sondaxes e a posibilidade dunha posible perda de maioría absoluta?

Hai unha maioría que é partidaria dun cambio, que non gostaría dun goberno do PP, por tanto, o PP beneficiase de que hai unha tradición ou unha sensación entre moita xente de que van gañar os populares. Eu vexo unha correlación distinta, que hai unha maioría que quere cambio e hai unha candidatura e liderado que pode encarnar esa idea de cambio

e apertura para unha nova etapa para este país. Para min deberían darse dúas circunstancias se buscamos un cambio: incremento da participación sobre todo en sectores abstencionistas, e que o voto de cambio se concentre na candidatura de Ana Pontón para non dispersar ese voto progresista. **Para vostede que suporía a entrada de Democracia Ourensana no Parlamento?**

Primeiro, ver se se produce ese feito. Por outra parte, as posicións ultra localistas e ultra populistas non achegan grande cousa, aínda que cada quen ten dereito a votar libremente. Se DO acaba sendo unha forza chave para facer a Rueda presidente, dependerá do resultado. Se sucede algo así, Democracia Ourensá decantarase polo PP pois ambas as dúas forzas se apoiaron mutuamente no Concello e na Deputación.



GALICIA
NA ISEÑONA
SAÚDE, SEGURIDADE E BENESTAR

Con moito entusiasmo e agarimo pensando en ti

Rúa Progreso, 34 - VIGO

Rúa de Oriente, 11 - PONTEAREAS
Teléf. 886 155 506



- Ordenadores novos e reacondicionados
- Venta e reparación de móbiles
- Internet low cost: Lowi, O2, Simyo, DIGI

Rogelio Groba Groba, 21. Telf: 986 640 003 - PONTEAREAS
R. Victoriano Pérez Vidal, 42-B. Telf: 986 340 528 - SALCEDA
Alcalde Casal Aboy, 2. Telf: 986 184 898 - TUI

Nace en Arbo a Asociación Río Miño Natureza Ignacio Gago

A “Asociación Río Miño Natureza Ignacio Gago”, asociada ao GDR Condado Paradanta, nace en Arbo da man de Florencio Gago co obxectivo de rescatar da memoria a importancia das pesqueiras, recoller toda a documentación para clasificala, estudala e arquivala, inventariar e catalogar dun xeito contrastado e veraz e sensibilizar á cidadanía sobre a importancia das pesqueiras como medio de subsistencia vital.



Esta asociación leva o nome dun veciño de Barcela, Ignacio Gago, nado en 1933, fillo do último alcalde da República. Gago reivindicou as artes tradicionais, os costumes locais e o patrimonio natural, etnográfico e histórico como señas de identidade de Arbo. Busca tamén recoñecer o traballo das pesqueiras das Neves, Crecente e Salvaterra e premer pola obtención do recoñecemento de Ben de Interese Cultural (BIC)

O murciano Rubén Lucas gaña o Premio ao Cartaz da LXIX Festa da Lamprea

O deseño do murciano Rubén Lucas resultou gañador ao Premio ao Cartaz da LXIX Festa da Lamprea a celebrarse en Arbo a do 26 ao 28 de abril próximo. Neste concurso participaron deseñadores de Galicia, España e Francia. A proposta gañadora é unha ilustración que pretende poñer en valor elementos propios de Arbo como son a Casa do Concello e representar o ambiente festivo co protagonismo na gran homenaxeada “A Lamprea”. Rubén Lucas



é deseñador gráfico e fotógrafo e ten no seu currículo premios en concursos de carteis en toda a xeografía española, como o entroido de Vitoria, Festas do Medio de Villena, o entroido de Cartaxena ou a Festa de San Telmo de Tui. O Alcalde arbense Horacio Gil estivo presente en FITUR 2024 en Madrid para promover a Festa da Lamprea, que recibiu a Declaración de Festa de Interese Turístico Internacional sendo a festa gastronómica máis antiga de Galicia.

IX Certame Galego de Corais "Vila de Arbo"

O Concello de Arbo no seu interese por apoiar a cultura musical polifónica coral, abre o prazo de solicitude para participar no IX Certame de corais “Vila de Arbo” que terá lugar o día 11 de Maio do 2024 en horario de tarde no Auditorio Se-

gundo Gil Davila de Arbo. O prazo de inscrición rematará o 8 de Marzo de 2024 ás 15.00 h. Poderán participar todas as agrupacións corais que sexan da Comunidade Autónoma de Galicia, e tamén as corais que estean inscritas na Federación Coral Ga-

lega FECOGA que non sexan profesionais nin pertencen a ningunha escola profesional ou semiprofesional de música, sen ningún tipo de acompañamento musical (soamente a capela). Si se incumprise esta base o grupo quedaría fóra do concurso.

Mobilidade peonil para a Igrexa de Cabeiras

O Concello de Arbo aprobou no Pleno da Corporación o Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Arbo para as obras de “Mellora da Mobilidade Peonil no treito antigo da EP-5201 Arbo-Cabeiras-Barcela no entorno da Igrexa de San Sebastián de Cabeiras” e o Campo da Festa, que conta con problemas graves de accesibilidade e de integración paisaxística.

O importe total das obras ascenden a 416.064,84€, das que a Deputación financiará 332.851,87€.- (80% do importe das obras) e o Concello de



Arbo 83.212,97€.- (20% do importe das obras). Correspóndelle a Deputación de Pontevedra a licitación, dirección e execución das obras.

VII edición da Andaina da Lamprea

No marco da 64 edición da Festa da Lamprea a celebrarse do 22 ao 26 de abril, declarada de Interese Turístico Internacional, o Concello de Arbo acollerá a sétima edición da tradicional Andaina da Lamprea o domingo 21 de abril. O roteiro, de dificultade me-

dia-alta, comezará na Praza do Concello e conta con, aproximadamente, 12 quilómetros de percorrido pola contorna natural do municipio. Ademais, o Concello agasallará a todos e todas as participantes cunha degustación de lamprea e viño das adegas do concello de Arbo.

Campaña 2024 contra a vespa velutina en Arbo

A partir de febreiro o Concello de Arbo retoma a campaña contra a Vespa Velutina, co fin de frear a expansión desta especie, pon a disposición dos veciños e veciñas de Arbo de maneira gratuita 50 trampas e 150 botes de cebo.

A entrega de trampas velutinas polos Concellos e a súa colocación e control coa colaboración de veciños e veciñas voluntarios e voluntarias é unha practica moi usada que se esta adoptando nos anos no Concello de Arbo e que esta acadando un bo resultado.

CERRAJEROS Y MULTISERVICIOS HOGAR

O REMENDÓN

637 764 865

www.cerrajeroremendon.es

24h.

CAFÉ-CONCERTO

vagalume

RUA MARQUES DE VIANA 11, SALVATERRA DE MIÑO

www.vagalume-salvaterra.info

entradas en @negotiumreflexo

Agrícola "A Sementeira"

PIENSOS - CEREALES - SEMILLAS - AGRÍCOLA JARDÍN - SULFATOS - ABONOS / SUSTRATOS - ETC

Teléfono: 966 65 93 94 - 606 74 60 09

c/ Pza Galicia, 2 Bajo - SALVATERRA DE MIÑO (al lado del IMA)

As "Esencias e Sabores" do Condado Paradanta en FITUR 2024

O GDR Condado Paradanta presentou en FITUR 2024 en Madrid as "Esencias e sabores" do Condado, da Paradanta e de Salceda de Caselas. No acto participaron o/as Alcaldes/as de Ponteareas, As Neves, Mondariz Balneario, O Covelo, Salvaterra de Miño, A Cañiza, concelleiros e funcionarios de Turismo de Galicia e da GDR así como empresario/as de La Rectoral, Señorío de Rubios, CEMAR ou Sociedade Cooperativa Condado Paradanta.

O evento foi oportuno para promover as festas, a paisaxe na-

tural e o patrimonio cultural, histórico, vitivinícola e gastronómico, algúns deles declarados como Bens de Interese Turístico. Destacan así o Corpus Christi de Ponteareas, o albariño, a treixadura, a uva loureira ou da sousón da subzona do Condado do Tea da D.O. Rías Baixas; o leite para o requieixo e a mel e a Festa do Tinto Rías Baixas das Neves; a lamprea de Arbo; o churrasco de Covelo, a carne de Mondariz; os 150 anos das augas medicinais e terapéuticas de Mondariz Balneario; o polo de Crecente; os callos e o entroido de Salceda de Caselas;

os xamóns da Cañiza e as romarías da Franqueira e de Santa Marta de Ribarteme, e a Festa do Viño do Condado e do Espumoso de Salvaterra.

A promoción artística do Condado Paradanta e Salceda no stand de Turismo de Galicia tamén estivo presente pola proxección das visitas guiadas e teatralizadas que se realizan en diversos Concellos da comarca para descubrir a súa arquitectura, as paisaxes, os costumes, a vida dos antergos e as tradicións

O valor da terra, das montañas, dos ríos e dos vales que configuran



o territorio Condado, Paradanta e Salceda de Caselas foron obxecto de orgullo para o alcalde de Mondariz Balneario salientando non só a súa beleza tamén a súa produtividade ofrecéndonos non só terras de cultivo tamén un espazo amable no que desenvolver todo

tipo de prácticas deportivas en contacto coa natureza. Tamén destacou. No stand de Turismo de Galicia en FITUR o GDR quixo facer protagonista a aposta pola, entre outras moitas actividades que promoven un turismo experiencial, activo e sensorial.

III edición do 'Programa Xuntas' nas Neves, Salvaterra e Salceda



As dúas alcaldesas –Marta Valcárcel (Salvaterra de Miño) e Loli Castiñeira (Salceda de Caselas)– e o alcalde das Neves, José Manuel Alfonso González, acompañados das respectivas Concelleiras de Igualdade, mantiveron unha primeira reunión de traballo de cara a desenvolver a terceira edición do Programa Xuntas, iniciativa dirixida ás mulleres dos tres municipios en materia de

formación, información, prevención e orientación e asesoramento xurídico, laboral e psicolóxico individualizado.

Así, os concellos participantes avanza un ano máis no calendario de actividades a través de obradoiros de saúde, benestar, igualdade de xénero ademais do Servizo Integral e Especializado de Asesoramento Xurídico, Psicolóxico e Laboral, neste programa financiado pola Xunta de Galicia.

As Neves terá instalacións de aerotermia



Con un investimento de 62.500 euros, a Deputación de Pontevedra sacou a licitación as obras de mellora da eficiencia enerxética en edificios municipais das Neves ao abeiro do proxecto de instalacións de aerotermia sostibles, enmarcado no programa de axudas para investimentos a proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (Programa DUS 5000). A actuación será financiada ao 85% polo IDAE, ao 8% pola Deputación de Pontevedra e ao 7% polo Concello. O prazo de

recepción das licitacións remata o 16 de febreiro.

O obxectivo é realizar as instalacións de aproveitamento da enerxía aerotérmica na Casa do Concello e o Centro Cultural das Neves para a redución das emisións de CO2, implantando medidas de aforro e eficiencia enerxética, e tamén favorecer o uso de fontes de enerxía renovables que contribúan ao desenvolvemento económico local. Ademais, tamén se reformarán as instalacións hidráulicas e eléctricas existentes.

XXXI FEIRA DO REQUEIXO E MEL
FESTA DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA

29-30 MARZO 2024

Talleres Guiller Motor

Venta de vehículos usados

Puzo - Lira, 24. tef: 986 661 541
36459 - SALVATERRA de MIÑO
talleres.guillermotor.com

SPG TALLERES

+34 986 661 541 | +34 638 683 823 info@talleres.guillermotor.com

Reparación polas inundacións en Fillaboa e Leirado

O Concello de Salvaterra de Miño iniciou as obras de reparación dos danos ocasionados polas inundacións cun importe de preto de 140.000 euros a través da subvención da Deputación de Pontevedra para a reparación dos danos causados polas inundacións acontecidas nos Concellos da provincia de Pontevedra a principios do ano 2023.

Despois de obter os permisos de Confederación Hidrográfica Miño Sil, que permitiron a licitación do proxecto, o Concello de



Salvaterra de Miño inicia as obras de reparación de danos no camiño do Xestal en Arantei. Ao que lles seguirán as obras no camiño Es-

pedrigada en Porto, na Fillaboa, camiño no Muíño da Ponte en Corzáns, camiño de Serradela a Casco, Medóns e Sampríns na pa-

Segundo aniversario da Biblioteca Municipal

O Concello celebrou o segundo aniversario da Biblioteca Municipal de Salvaterra de Miño logo de experimentar un notable aumento do número de usuarios dende que se inaugurara no 2022 dando resposta a unha importante necesidade da poboación.

En 2023 Biblioteca fixo máis de 1.100 préstamos de libros dunha colección que ano a ano vai en aumento incorporando con novos títulos. Ademais a Biblioteca forma parte do Club de Lectura de Galicia a través do cal pódense



conseguir en préstamos aqueles libros que non figuran no catálogo.

Dende que se inaugurou a nova Biblioteca, o horario ampliouse e tamén as actividades tanto na ludoteca como na aula polivalente.

Como tódolos anos e co fin de facilitar o estudo para alumnos e alumnas que se presenten á EBAU e teñan recuperacións, durante os meses de maio a xullo reforzase o horario de apertura.

Formación de coidados do Alzheimer

A FAGA, a Asociación de familiares de enfermos de Alzheimer e outras demencias de Galicia, vai impartir na Casa do Conde un curso para coidadores/as de persoas cunha demencia neurodexenerativa, no marco do proxecto de Coidados Compartidos de FAGAL (Federación Alzheimer Galicia).

Esta formación será impartida por unha psicóloga sanitaria especializada, e ten como obxectivo formar e axudar a persoas en contornas rurais que se atopen nesta situación. O envellecemento é o principal factor para a aparición dunha demencia e as proxeccións demográficas de Galicia prevén un aumento das persoas

maiores de 65 anos do 23'15% actual ao 41% en 2050.

O contexto rural experimenta un fenómeno de sobre envellecemento ao que se lle engade unha escaseza de servizos e ausencia de intervencións. Esta realidade non só afecta á persoa que padece unha enfermidade senón a todo o núcleo familiar.

Salvaterra conta con asesoramento a través do Polo de emprendemento do Porriño



O Concello de Salvaterra comeza a brindar un servizo de asesoramento a persoas emprendedoras a través da Rede de Polos de Emprendemento e Apoio ao Emprego da Xunta de Galicia, contando co apoio do Polo recentemente constituído no Porriño.

Este Polo de Emprendemento do Porriño, que inclúe ao Concello de Salvaterra de Miño no seu territorio de influencia, é impulsado pola Xunta de Galicia en colaboración coa Fundación Ronsel, conta con máis de 100 proxectos atendidos dende a súa inauguración en novembro de 2023.

Reforma dos baños da Praza de Abastos

O Concello de Salvaterra ven de rematar as obras para a reforma integral dos baños e a súa adaptación para minusválidos, cunha inversión de máis de 20.000 euros.

Con esta actuación búscase revitalizar a zona de mercado e súmase á liña de actuacións que se desenvolveron por parte do Concello nesta zona. No pasado 2023 remataban as obras da rúa Marqués de Viana, cun investi-

mento de máis de 500.000 euros, para humanizar e remodelar a contorna da Praza de Abastos e, por outra banda, fixéronse obras por un importe de 20.000 euros nas cámaras.

Estas obras súmanse a outras accións realizadas como a reforma da cuberta do mercado ou a modificación do reglamento sacando a subasta os postos do interior da praza. No 2024 sacaranse novos postos.

Todo listo para o Entroido

O Concello de Salvaterra avanza nas actividades do Entroido do 2024. O Enterro da Lamprea, que pechará inscricións con máis de 1.500 persoas, celebrarase o 17 de febreiro ás 17:00 horas con saída dende a Rúa Rosalía de Castro e transcurso polas principais rúas ata chegar á Praza do Concello.

A programación de Entroido complétase co desfile de disfraces dos centros educativos de Salvaterra dende o Concello ó Parque A Canuda o venres 9 de febreiro. E non pode faltar a tradicional Festa Infantil de Entroido o martes 13 de febreiro ás 17:30 horas con música, diversión e chocolate e rosca.

El Rincón de Mary

SALVATERRA DE MIÑO Telf: 609 31 28 66

PANADERIA A BROA CAFETERIA

Puza - San Mateo - Ponteareas
Teléf. 986 657 577 - Móvil, 639 817 090

Despachos:
Ponteareas - C/. Estrada, N.º 15 - Teléf. 986 660 951
Salvaterra de Miño
C/. Rosalía de Castro, s/n. - Teléf. 986 075 874

Qué Pelusilla!

que.pelusilla ☎ 687 34 85 87

C/ RAIÑA DOÑA URRACA, 20
36450 SALVATERRA DE MIÑO

BAIXO MIÑO

TUI

Xunta e Deputación promoven a proba ciclista O Gran Camiño

O presidente da Deputación de Pontevedra, Luis López, participou nunha ruta ciclista entre Pontearreas e o monte Aloia, en Tui, enmarcado nos actos da proba ciclista O Gran Camiño, a celebrarse o 22 e 25 de febreiro e que conta co apoio do organismo provincial. O dirixente compartiu esta experiencia co presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda; co organizador da carreira, Ezequiel Mosquera, ademais dos exciclistas profesionais Oscar Pereiro e Álvaro Pino, así



como doutros afeccionados ao deporte da bicicleta.

Fondos europeos para a dixitalización do comercio local

O Concello de Tui pón en marcha o Plan de Acción para a Dixitalización financiado por fondos europeos Next Generation ao abeiro do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, a través dunha enquisa orientada ao comercio local.

Este Plan está integrado no proxecto de "Reforma e modernización do mercado municipal e dixitalización e revitalización do comercio local de Tui" que se está a executar. Na enquisa preguntase polos factores importantes



á hora de decisión de compra dos clientes do establecemento, e como os procesos de dixitalización, sustentabilidade, globalización, ou o cambio nos hábitos de compra afectan ao desenvolvemento e crecemento da empresa.

Os taxis en Tui irán agora para a rúa Ourense

Desde o 30 de xaneiro, a parada de taxis de Tui cambia de emprazamento e sitúase na rúa Ourense a carón da parada do autobús, en ambos sentidos.

O cambio do lugar da parada da, por unha banda, resposta a solicitude presentada polos propios taxistas, que dende hai tempo demandaban un

cambio de ubicación para poder prestar un mellor servizo. Por outra banda co novo emprazamento sitúase a parada nun ámbito estratéxico para a mobilidade, xa que na rúa Ourense están tamén situadas as paradas do autobús, e está próxima ao centro de saúde, co que así se concentran os servizos de mobilidade urbana nunha mesma zona.

Tui lidera o crecemento turístico no sur pontevedrés



De acordo a datos do INE, da Oficina do Peregrinos da Catedral de Santiago e da propia Oficina Municipal de Turismo, ata o 30 de novembro de 2023 pasaron por Tui 116.961 turistas, o que supón un crecemento do 43,6% con respecto ao mesmo período de 2022, destacando as visitas dos meses de agosto, setembro e outubro.

Este espectacular incremento sitúa a Tui como líder a nivel pontevedrés e un dos destinos turísticos destacados en Galicia. Salienta o importante crecemento do turismo internacional sobre o nacional, rexistrando o maior aumento de visitantes nos procedentes de Portugal, Francia, Alemaña, Italia, EEUU, Polonia ou Austria

Promoción do patrimonio xudeu tudense en FITUR



O alcalde de Tui, Enrique Cabaleiro, e a concelleira de Turismo, Ana María Núñez, teñen realizado no marco da Feira Internacional de Turismo, FITUR en Madrid, diversos encontros para a promoción do legado patrimonial xudeu tudense a través da Red de Juderías – Caminos de Sefarad no seu stand nesta feira.

Deste xeito mantiveron un encontro coa xerente da Red de Juderías de España – Caminos de Sefarad, Marta Puig Quixal, e con outros axentes turísticos vinculados a este sector para seguir avanzando na promoción do municipio tudense como un destino turístico e cultural de referencia para a historia e a cultura xudía na Península Ibérica.

INMOBILIARIA

MERCA VENDA

Casas

Locales

Fincas

Pisos

Ventas

Alquileres

Tasaciones

Presupuestos

Telfs: 986 642 510 - 645 882 020

Avenida Rosalía de Castro nº4, bajo, 36860 Pontearreas

mercavenda@mercavenda.com - www.mercavenda.com

ALFESO

Asesoría de Empresa

FISCAL - CONTABLE - LABORAL - MERCANTIL - IMPOSTO SUCESIONES

TODOS TIPO DE XESTIÓNS COAS INSTITUCIÓNS PÚBLICAS

Paseo Matutino, 4 - Entlo. B Pontearreas T. 986 66 00 00

Espazos peonís para a Avda. da Concordia e Areas

O Concello de Tui recibirá unha subvención de 48.460,50 euros da Deputación de Pontevedra no marco da Rede Ágora dentro da convocatoria para a redacción de proxectos de recuperación de espazos públicos e creación de sendas peonís e/ou ciclables na Avda. da Concordia e en Areas.

O Concello destinará 32.670 € á redacción do proxecto para o acondicionamento da conexión entre o río Miño e a PO-552 a través da igrexa de Santa Mariña de Areas. A Deputación subvencionará o 90% do investimento previsto que ascenderá 29.403€.

Por outra parte para a redacción do proxecto de acondicionamento



da Avenida da Concordia no tramo dende o Paseo da Corredoira até a rúa Mártires de Sobredo o Concello ten previsto investir 21.175€ dos que a institución provincial aportará 19.057,50€, o 50% do

total. Trátase dunha das vías principais de acceso ao centro urbano, e na que se atopan equipamentos coma o CEIP nº2, o IES Indalecio Pérez Tizón, e o Conservatorio Profesional de Música.

O BNG priorizará a cooperación transfronteiriza

O cabeza de lista do BNG pola provincia de Pontevedra, Luís Bará, garantiu que un goberno do BNG na Xunta priorizará a cooperación Galiza-Norte de Portugal e o territorio transfronteirizo do Miño continuando coas políticas de desenvolvemento iniciadas polo AECT Rio Minho, dirixido por Uxío Benítez.

O nacionalista así o asegurou nunha reunión de traballo con integrantes da candidatura do BNG para o vindeiro 18-F, representantes dos Concellos de Tui, As Neves, O Rosal, Tomiño, Salceda, A Guarda e Salvaterra, ademais do ex director do AECT Rio Minho Uxío Benítez, e o profesor da UVigo Xavier Martínez Cobas para falar das propostas



programáticas de goberno do Bloque para as relacións de Galiza con Portugal e para o territorio transfronteirizo.

Sobre a mesa falouse da necesidade de poñer en marcha o Investimento Territorial Integrado, a tarxeta de cidadanía transfronteiriza, a mellora ambiental do

rio Miño, infraestruturas, conexións e melloras para a mobilidade (como o tren de proximidade), o desenvolvemento de solo empresarial e da economía, así como servizos sociosanitarios, a xestión patrimonial e cultural a través dunha planificación estratéxica conxunta.

IX Mostra da Camelia



O Claustro da Catedral celebrou a IX Mostra da Camelia Cidade de Tui organizado polo Concello coa colaboración de ATUCA, Amigos Tudenses da Camelia.

O evento contou con 123 metros de exposición, nos que un total de 75 persoas de Galicia, Asturias e Portugal, amosaron distintas variedades desta flor, algunhas delas novidasas que se expuxeron por vez primeira.

Tamén participaron a Asociación do Traxe Tradicional de Tui e Rondalla O Mosteiro de Pexegueiro na clausura.

O alcalde de Tui, Enrique Cabaleiro inaugurou o evento xunto a representantes da Xunta de Galicia, da Deputación de Pontevedra, do Concello de Tui, do Cabido da Catedral, da Sociedad Española de la Camelia e da International Camellia Society, e de ATUCA.

"Cartografía da Raia"



O subdelegado do Goberno, Abel Losada, e o alcalde de Tui, Enrique Cabaleiro, inauguraron no edificio Francisco Sánchez a exposición sobre a cartografía da fronteira portuguesa. A mostra é unha iniciativa do Centro Xeográfico do Exército de Terra e a Subdelegación de Defensa en Pontevedra, que dirixe o coronel

Miguel Cortés.

Losada subliñou a importancia histórica da fronteira nas relacións entre Galicia e Portugal e o seu novo papel nunha Europa unida. A mostra pode visitarse de forma libre e gratuita no edificio Francisco Sánchez de Tui, ata o 10 de febreiro. O 31 de xaneiro acolleu a conferencia "Traballos de delimitación na Raia".

CONFITERIA

Regino

Nova gama de produtos selectos:
Rocas de chocolate, Tarta de té,
Sublime de cacao, Tarta de framбуesa

Tartas personalizables coa túa foto ou debuxos infantís
a partir de 2 kgs.

Especialidade en
rosquillas e melindres

Rúa Reveriano Soutullo, Ponteareas 986 640 834

Comunidades, colegios, oficinas, moquetas,
abrillantado de suelos, primeiras obras, fachadas

986 661 052 limpiezasponteareas@gmail.com

Rúa As Lavandeiras, 3 bajo Ponteareas

BAIXO MIÑO/VAL MIÑOR

O BNG da Guarda denuncia a "inacción" do goberno municipal

O voceiro do BNG guardés, Anxo Baz, acusa a "parálise" dun goberno do PP en mans do Alcalde Roberto Carrero de ser "absolutamente incapaz de afrontar os grandes temas que son fundamentais para o futuro da Guarda".

Critican a inexistencia "como mínimo" dun borrador dos orzamentos para o ano 2024; a ausencia de proxecto de reforma para a piscina municipal "a pesar de contar cunha subvención de 1.500.000 €"; a falta de criterio para o novo acceso ao porto; a parálise na conexión con Caminha "a pesares de ocupar o cargo de



responsábel de Cooperación Transfronteiriza na Deputación de Pontevedra"; e a xestión do lixo "sen ter dado ningún paso para adap-

tarse á nova normativa de residuos, o que previsibelmente vai provocar importantes sancións para o Concello da Guarda no futuro".

O PSOE esixe á Xunta atender as inundacións en Gondomar

A candidatura do PSdeG-PSOE da provincia ás eleccións do 18F, conformada por Elena Espinosa e Carlos Font, esixiu xunto ao Alcalde de Gondomar Paco Ferreira que a Xunta "dunha vez poña en marcha o proxecto para paliar as inundacións no casco urbano de Gondomar, que ano tras ano provocan graves danos na vila do Val Miñor en época de chuvias debido ás enchentes dos ríos Miñor e Zamáns.

A candidatura do PSdeG-PSOE tamén esixiu á Xunta do PP a pa-



ralización inmediata do canón da auga que no caso de 35 municipios galegos que teñen unha EDAR

xestionada por Augas de Galicia como Gondomar, Nigrán ou Baiona entre outros.

Exposición "Enerxía, Auga e Máquinas"



A Casa dos Alonso acolle ata o 16 de febreiro esta exposición didáctica sobre o mundo da enxeñería e das posibilidades da auga como enerxía e motor de desenvolvemento.

O seu propulsor Carlos Javier Álvarez Fernández amosa nesta exposición diferentes máquinas e estruturas que incorporan a

roda hidráulica para o seu funcionamento, que podía ser vertical ou horizontal. Visualízanse así dez paneis de texto e cinco "máquinas" construídas en madeira: catro delas teñen en común o emprego de rodas hidráulicas verticais que fan funcionar mazos, muíños, amasadoras e unha empuxadora.

A Guarda en FITUR 2024



O Concello promoveuse en FITUR 2024 en Madrid poñendo en valor os seus principais activos, o patrimonio, a natureza, o mar

e a gastronomía. En diferentes presentacións institucionais repartíronse folletos informativos e mantivéronse reunións con empresas turísticas.

Máis información na nosa web
www.novasdoeixoatlantico.com

GASOLEOS TEA

Distribuidor oficial REPSOL para:

CALEFACCIÓN, INDUSTRIA Y AUTOMOCIÓN

SERVICIO A DOMICILIO

PONTEAREAS 986 66 13 90
986 66 13 89

A GUARDA 986 61 43 61

Óptica mahen

Ópticos desde 1939

Nº Reg. Sanitario E-35-800326

PONTEAREAS

rúa senén caído, 4

Marta Lois: “Considero importante non esquecer que o adversario político é o PP”

Marta Lois é a cabeza de lista de Sumar Galicia para as vindeiras eleccións autonómicas do 18 de febreiro de 2024. Lois chega nun momento en que Sumar tomou impulso nas eleccións xerais do 23 de xullo de 2023 e valora positivamente

a cantidade de votos recibidos polas forzas progresistas nas eleccións xerais, 800.000 votos. Por iso considera moi necesario que o avano da esquerda non perda de vista quen é o verdadeiro rival para darlle fin a unha etapa de catorce anos co PP na Xunta de Galicia.



-Cales son as vibracións que estas a sentir nestes momentos de precampaña?

Sumar Galicia vén precedida duns bos resultados electorais nas eleccións xerais sendo a terceira forza política no país. O que sentimos dentro da sociedade galega é ganas de cambio, cambio histórico na Xunta de Galicia despois de catorce anos de PP. Sentimos tamén que a xente é consciente de que para realizar ese cambio política, abrir esa xanela para botar da Xunta ao PP, é necesario mobilizar o voto progresista para termos un Sumar forte. Sen Sumar na ecuación do espazo progresista non vai ser posible, entón podo dicir que teño boas sensacións.

-Ante o baile de enquisas actuais sobre se habrá ou non outra maioría absoluta do PP cal é a análise de Sumar Galicia?

Sobre os inquéritos electorais neste caso e coma sempre, son inquéritos, o resultado real coñecerase o 18 de febreiro. En calquera caso, os datos obxectivos e científicos dos resultados e que moitas

vezes os galegos e galegas non teñen moi presente son que o 23 de xullo houbo máis de 800.000 votos progresistas en Galicia superando moito ao voto conservador. A participación nas eleccións autonómicas baixa e baixa pola vía da esquerda. Sabemos que as persoas dentro do espectro progresista é consciente de que o PP quere agochar estas eleccións entre a saída do Nadal e a chegada do Entroido para seren un simple trámite. Se a xente lembra a cantidade de voto progresista que houbo hai pouco máis de seis meses e a mobilización é máis ampla, o PP non ten por que ter a maioría absoluta. Iso pasa, non só por concentrar o voto senón en expandir o voto progresista, é dicir, o voto de Sumar é estratéxico e fundamental para conseguir ter máis escanos que o PP.

-Dentro dese espectro progresista cales son os puntos de unión e cales os que se deberían polo menos rebaixar para ter un goberno diferente ao do PP?

Creo que somos forzas progresistas distintas con programas

distintos mais considero importante non esquecer quen é o adversario político. Ese adversario de calquera forza progresista é o PP coas súas políticas regresivas, de parálise no ámbito de políticas de sanidade, ensino ou as sociais, tamén das políticas non existentes en materia industrial e mesmo as políticas de dependencia. Estes días as forzas políticas estamos presentando medidas estrela con matices, mais aquí e agora é necesario non confundir quen é o adversario. Sumar nunca confunde os adversarios e eses son as políticas que levan traendo atrasos e grandes retrocesos a Galicia. Tiven a oportunidade de estar con xente de SOS Sandiade Pública e unha das grandes denuncias que facemos desde Sumar é o desmantelamento da atención primaria por parte do PP. Levamos propostas dun incremento do 25% dos orzamentos en sanidade, un incremento que non vai dirixido ao tratamento farmacolóxico nin para ampliar as arcas do sector farmacéutico, senón para mellorar a atención primaria. E coma iso,

medidas que teñen que ver coas cuestións da axenda social. Creo que habrá ocasión de ver algunhas diferenzas entre as forzas progresistas mais onde temos que poñer o foco galegos e galegas é sobre o PP quen ten a Galicia fóra do mapa das políticas para mellorar as vidas da xente desde hai máis de catorce anos.

-Dentro das políticas para evitar a emigración de xente nova, Sumar que propón?

Debemos ter en conta factores como a dispersión e avellentamento demográficos ademais dun rural completamente abandonado logo de década e media de PP, debemos facer cousas con sentido común. Hai unha necesidade de reformular a mobilidade e de apostar por vertebrar o territorio, debemos apostar polo transporte público como é o tren e o tren de cercanías para conectar o territorio e conectar espazos do rural para que se poida vivir neles ou traballar nos espazos urbanos se os empregos están aí e, por suposto, apostar polo que denominamos “o rural vivo”, apoiar

e apostar por proxectos de emprendemento, de economía social e desenvolvemento local que traen riqueza ao conxunto do país. Por tanto, hai aspectos definidos que teñen relación con vertebrar o país en termos de mobilidade, a aposta pola transición ecolóxica e o tren de proximidade. Moito falamos desde o PP sobre se viña ou non o AVE mais á grande maioría de galegos e galegas non lles importa o AVE, e si lles importa ter transporte público de tren de cercanías para vertebrar o país. É necesario apostar por un rural vivo, por poñer en valor o noso agro, poñer en valor a soberanía alimentaria e todo isto para evitar que moita xente marche por falta de oportunidades. Segundo o informe do Consello Económico e Social de 2022 en Galicia desde 2009 até o 2022 en Galicia perdéronse 40.000 empregos na área de industrial. Estamos falando dun país que non ten políticas para crear empregos baseados nas enerxías limpas e apostar polo noso territorio rural e urbano.



Tlf.: 986 65 80 18
Fax: 986 65 82 69
Móbil: 608 88 01 23

Chan da Salgosa. Oleiros
Salvaterra de Miño

Aridos do Mendo, s.l.



Aridos e Formigóns

FITUR 2024 coñeceu a riqueza da Ruta do Taverneiro

A Deputación de Pontevedra presentou en FITUR a Ruta de Ignacio Taverneiro, a vía cara Compostela que transcorre pola provincia atravesando Cerdedo-Cotobade, A Estrada, Pazos de Borbén, Pontecaldelas, Ponteareas e Salvaterra.

A deputada de Turismo, Nava Castro, foi a encargada de presentar os puntos fortes deste percorrido de 130 quilómetros xunto ao alcalde de Cerdedo-Cotobade e tamén deputado provincial Jorge Cubela, quen interveu en representación dos seis Concellos da provincia polos que transcorre a



ruta.

Castro afirmou que existen numerosas variantes para peregrinar cara Compostela que atravesan a provincia e, sobre a Ruta de Ig-

nacio Taverneiro, remarcou o feito de que o seu percorrido sexa froito dun rigoroso traballo de investigación no que se implicaron Luís Ferro e Carlos da Barreira.

"100% Rías Baixas" presentouse en FITUR



O presidente da Deputación de Pontevedra, Luís López, presentou no stand que Turismo de Galicia ten en Fitur, a Feira Internacional de Turismo que se celebra esta semana en Madrid, a nova campaña de promoción da provincia como destino turístico, que leva o título de 100 % Rías Baixas e xira arredor dun recurso tan abundante como saudable: a auga.

Compartindo escenario co presidente da Xunta, Alfonso Rueda, o mandatario provincial quixo poñer en valor que "sen a auga

non poderíamos proporcionar eses momentos 100% Rías Baixas ás persoas que nos visitan".

A presentación da campaña estivo conducida pola xornalista pontevedresa Susana Pedreira que, a través dunha peza audiovisual, amosou os incontables recursos hídricos que ten a provincia tanto no interior como na costa, que suman 25 ríos, sete lagos e lagoas, sete fervenzas e preto de 60 rutas de senderismo, ademais das tres rías que dan nome ás Rías Baixas e do patrimonio histórico existente.

O Entroido Galego, camiño de ser Ben de Interese Cultural (BIC)

O Diario Oficial de Galicia (DOG) publicou este 25 de xaneiro a resolución da Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades pola que se incoa o procedemento para declarar Ben de Interese Cultural do patrimonio inmaterial o Entroido, unha das tradicións máis singulares e arraigadas de Galicia.

Coa publicación deste expediente, o Entroido galego queda desde agora protexido, tendo en conta o interese etnolóxico, a función social e a riqueza cultural e patrimonial desta celebración. Agora dispónse dun máximo de 24 meses para completar o expediente, pero os efectos da mesma son de aplicación desde este momento.

A declaración realízase en senso amplo para toda a celebración,



non circunscrita só a unha serie de festexos, dada a súa pluralidade e implantación territorial. De feito, 191 dos 313 concellos galegos (61%) escolle unha data vencellada ao Entroido como festivo local.

Existen algúns precedentes: os entroidos de Santiago de Arriba

(Chantada), Salcedo (A Proba do Brollón) e Esgos, que xa foron declarados BIC no marco da declaración da paisaxe cultural da Ribeira Sacra aprobada en 2018.

Así mesmo, varios entroidos teñen recoñecementos, noutros ámbitos, como festas de interese turístico: Xinzo de Limia, Verín, Cobres, Laza, Viana do Bolo, o Folión tradicional do Entroido de Manzaneda, os Xenerais da Ulla, Maceda, Vilariño de Conso, Foz e o Entero da Sardiña de Marín.

Na actualidade existen cinco festas gastronómicas de interese turístico relacionadas co Entroido: a Feira do Cocido de Lalín; a Festa da Filloa de Lestedo, a Festa do Lacón con Grelos de Cuntis, a Festa da Androlla de Viana do Bolo e a Festa do Botelo do Barco de Valdeorras.

VII Concurso de microrrelatos da RAG e PuntoGal

A Real Academia Galega e PuntoGal presentaron na Fundación Luís Seoane a sétima edición do concurso de microrrelatos organizado por ambas as entidades. O concurso premiará nove historias dun máximo de 200 palabras, tres por cada unha das categorías: infantil (ata 11 anos), xuvenil

(de 12 a 17 anos) e persoas adultas.

O prazo para participar nesta iniciativa permanecerá aberto do 1 ao 29 de febreiro, cadrando coa campaña de promoción de PuntoGal que permitirá rexistrar un dominio .gal para dous anos a un prezo de 15 euros máis IVE.

Bodas - Comunións

e todo tipo de celebracións

Manolo
RESTAURANTE

Teléfono 986333404
 info@restaurantemanolo.es
 Antonio Palacios 101
 A52 - Salida 305 - PORRIÑO